

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP POBRA DO BROLLON

CURSO: EDUCACIÓN INFANTIL

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONALE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.1 CRITERIOS AVALIACIÓN DE 3 ANOS

- Comprende e respeta os sentimentos e emocións dos demais.
- Utiliza o propio corpo como medio de comunicación e expresión.
- Observa e explora o entorno físico e social inmediato, mostra interés e coidado polo medio e reconece o paso das estacións.
- Identifica algúns animais, características.
- Descubre as características e propiedades da auga e experimenta con ela.
- Reconece a figura xeométrica do círculo, triángulo e cadrado.
- Iniciase na clasificación e o concepto do número 1,2 e 3.
- Realiza trazos: vertical, horizontal, circular, cruzado.
- Experimenta coas cores e diferentes técnicas plásticas.
- Traballa as vogais O, A, E, I, i, U, u e discrimina o són.
- Mantén unha actitude de interese ante audicións de fragmentos musicais.

1.2 CRITERIOS AVALIACIÓN DE 4 ANOS

- Reconece diferentes emocións
- Reconece o 1,2,3,4,5,6 así como 1º, 2º,3º,4º,5º y 6º e asocia o número á cantidade.
- Identifica a forma dos obxetos: triángulo, cuadrado, rectángulo, círculo e rombo
- Reconece e escribe as letras: A,E,I,O, U, P, M,L,S
- Realiza trazos: vertical, horizontal, inclinado, quebrado, ondulado, curvo.
- Experimenta coas cores e diferentes técnicas plásticas.
- Identifica e traballa coas cores: negro, vermello, gris, verde, azul, rosa, violeta, marrón, amarelo e laranxa
- Utiliza a música como forma de comunicación e gozo
- Utiliza o propio corpo como medio de comunicación e expresión.
- Observa e explora o entorno físico e social inmediato, mostra interés e coidado polo medio e reconece o paso das estacións.
- Identifica algúns animais, características.

1.3 CRITERIOS AVALIACIÓN DE 5 ANOS

- Recoñece diferentes emocións
- Observa e explora o entorno físico e social inmediato, mostra interés e cuidado polo medio e recoñece o paso das estacións.
- Identifica algúns animais, características.
- Discrimina, asocia nº-cantidade e realiza as grafías do 1 ao 10, 0 e ordinais 1º a 10º ,a suma e a resta
- Identifica as propiedades dos obxectos (forma, etc.).
- Utiliza de maneira satisfactoria PDI, tablets e ordenador.
- Utiliza acuarela, modelado, mosaico, esgrafiado para comunicar e expresar
- Identificar e realizar a grafía das distintas vogais e consoantes e produce de forma oral e escrita palabras que as conteñan, así como discriminar o seu son nas distintas palabras
- Realiza trazos: vertical, horizontal, inclinado, quebrado, ondulado, curvo, semicírculo, bucle, ondas...
- Experimenta coas cores e diferentes técnicas plásticas.
- Utiliza a música como forma de comunicación e gozo
- Identifica as cores traballadas

2. COMPETENCIAS

- A competencia en comunicación lingüística intentando promover un clima axeitado que fomente o interese por ler, non só contos senón tamén outras composicións como poesía ou enigmas.
- Competencia matemática valorando a súa importancia en situacións reais e contextualizadas.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico favorecendo o interese polas habilidades investigadoras mediante a experimentación e favorecendo a busca de respostas alternativas
- Competencia social e cidadá: creando diversos tipos de actividades que impliquen a colaboración de diferentes membros familiares que conviven con el.
- Competencia cultural e artística: promover o disfrute de diferentes composicións artísticas e valorar as diferenzas culturais.
- Tratamento da información e competencia dixital: o seu uso é fundamental para o descubrimento das tarefas que se van realizar nas unidades.
- Competencia para aprender a aprender: fomentar a cooperación para propoñer alternativas.
- Autonomía e iniciativa persoal: permitir a libre elección de materiais, etc.

3. AVALIACIÓN	
Avaliación	<p><u>PROCEDEMENTOS:</u> Terase en conta en todo momento os obxetivos xerais e específicos, tendo en conta en todo momento o observado no primeiro e no segundo trimestre, esta avaliación parte sempre da observación directa e sistemática, e será global, xa que fará referencia ao conxunto de habilidades dos obxetivos segundo o contexto e as características dos nenos; será continua, xa que se levará a cabo de forma permanente, e tamén será formativa, xa que guiará o proceso educativo para mellorar os resultados.</p> <p><u>INSTRUMENTOS:</u> serán, a observación das súas producións, a realización de videochamadas, diarios, rexistros e anecdotarios.</p>
Cualificación final	<p>A forma de avaliar os criterios farase a través dunha escala de valoración. Estes indicadores de logro serán "En proceso (EP)", "Con Dificultade (CD)" e "Sen Dificultade (SD)". Ademais tamén teño en conta a avaliación da miña propia práctica docente. Terase en conta as dúas pimeiras avaliacións do xeito que se poda cambiar a mellor os indicadores de logro.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

4.1 Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía en ambos os ciclos adaptarase ás necesidades dos nenos e nenas, tendo en conta o ambiente sociocultural e familiar, partindo de actividades globalizadas que lles permitan actuar e experimentar con todo tipo de experiencias para permitir ao mesmo tempo unha aprendizaxe significativa á vez que adquire ensinanza individualizada. Crearase un ambiente onde prevaleza a avaliación positiva e é fundamental mellorar as habilidades de pensamento do estudante, incluída a construción de novos lazos afectivos. Avaliando en todo momento a evolución dos nenos e a calidade educativa. Nesta metodoloxía é fundamental a colaboración das familias, todas estas propostas e se levan a cabo mediante a aplicación whatsapp..

4.2 Actividades

Recalcar que o concello fíxolle chegar os nenos os materiais do terceiro trimestre os nenos, co cal traballamos nos libros de prematemáticas e prelectura facendo en papel actividades relacionadas cos criterios de avaliación.

RECOMENDASE:

- Darlle os nenos e nenas unha serie de responsabilidades.
- Procurar manter uns horarios estruturados.
- Sempre temos que darlle un reforzo positivo.
- Crear unhas rutinas.

Tamén se levan a cabo actividades de:

Motricidade fina e grossa:

Moita atención á correcta prensión do lapis, pinturas e demais utensilios.

-Recomendase xogos con plastilina, construcións, abelorios, manexo das tesoiras, emprego de lapis, rotus, pinces, etc.

- Xogos de adiviñar qué é cos ollos pechados, etc.
- Xogos con globos
- Circuitos
- Facemos equilibrios sobre unha cinta que recorra a casa.

HABILIDADES FONOLÓXICAS

- Xogar a dicir palabras que empecen por un fonema (letra) determinado o descubrir se unha palabra o contén.
- Realizar xogos de deletrear palabras.
- Xogar a:
· “Vexo, vexo” (pódese xogardicindo a primeira sílaba dunha palabra:” Vexounhacousa que empeza por `Ven.....’(ventá)”, etc.

EXPRESIÓN ORAL

- Estimulalo para que nos conte situacións, invente historias o que describa imaxes, utilizando cada vez máis palabras.
- Resolver ou finalizar frases incompletas.
- Xogar ás adiviñas, seleccionándoas segundo a idade do alumnado.
- Facer descrições de obxectos ou persoas e que o neno/a adiviñe de que ou de quen se trata.
- Pensar un animal ou cousa, e que o outrofaga preguntas, que só se responde si ou non, e adiviñar o que é.

PARA ESTIMULAR A MOTIVACIÓN POLA LECTURA

- Le a teu fillo ou filla. Móstralle diversas formas de literatura a través dos escritos: contos, poesía, narración periodística...
- Le un conto pero omite unha palabra de vez en cando. Pídelle que diga unha palabra que encaixeco significado da frase.
- Fai que busque fotos que lle gusten en revistas vellas. Pídelle que as recorte e poña títulos a cada unha.
- Fai que recorte palabras de titulares de periódico ou anuncios publicitarios. Que as pegue nunha folla e fagadebuxos con relación a esas palabras.
- Recortar tiras cómicas do periódico e pedirle que coloque as viñetas en orde correcto.

COMPRENSIÓN ORAL

- Contarlle un conto e que nos explique despois o que escoitou.
- Seguir varias instrucións verbais.
- Encontrar semellanzas e diferenzas entre os obxectos.
- Clasificar obxectos por categorías

COMPRENSIÓN LECTORA

- Ler un conto, texto sinxelo e que explique o lido ou que conteste algunha pregunta.

- Coñecer máis vocabulario e habituarse a utilizalo.
- Ler todos os días uns 10 minutos, contos axeitados á súa idade en maiúsculas e minúsculas.

EXPRESIÓN ARTÍSTICA

- Debuxar libremente.
- Debuxar copiando dun libro, foto,...
- Debuxar a partir de algo lido.
- Encher, sen saírse e sen deixar buratos, calquera tipo de debuxo.

LÓXICA-MATEMÁTICA

- Realizar series- xogar cos nenos/as dicindo un número e el/ela o seguinte.
 - Contar a partir dun número.
 - Contar calquera tipo de cousas: cunchas, pedras,...
 - Clasificar obxectos segundo unha determinada característica.
 - Contar ao revés.
 - Buscar obxectos cunha determinada forma.
 - Xogos de mesa: parchís, oca, baralla,...
 - Quebracabezas.
- As actividades de lóxico matemática refírense á asociación cantidade grafía, sumas, restas, cálculo mental, formas xeométricas básicas, series de cores, serie numérica, seriación de tamaños, series de formas, etc.

Materials e recursos

Os materiais son os libros entregados polo concello que estaban no cole, material finxible enviado, etc

XOGOS PARA O MANEXO DO RATO, CLIC:

[ELBUHOOO](#)

XOGOS ONLINE DE CONTIDOS VARIADOS:

[LETRAS DE COLORES](#)

[BICHOS](#)

[ANIMALANDIA](#)

[VEDOQUE](#)

[BOSQUE DE LAS ACTIVIDADES](#)

[PEQUETIC](#)

[FANTASMIN](#)

LITERACYCENTER

XOGOS DE LECTOESCRITURA:

DISFRUTAMOS HABLANDO

EL JUEGO DE LOS CUENTOS

LETRAS DE COLORES

APRENDIZAJE LECTOESCRITURA

CONTOS INFANTÍS:

CÓNTAME UN CONTO

CONTOS AULA DE ELENA

CONTOS BABYRADIO

XOGOS DE LÓXICO MATEMÁTICA:

IXL MATES INFANTIL

NÚMEROS

LABERINTOS

CORES

DIFERENCIAS

FORMAS

MOTRICIDADE GROSA:

PROPOSTAS XOGOS NA CASA-MOTRICIDADE GROSA

10 FORMAS DE TRABALLAR A MOTRICIDADE GROSA

XOGOS MOTRICIDADE GROSA

XOGOS MOTRICES

XOGOS DE SALTOS CON PAPEIS DE CORES

XOGOS MOTRICES 2-5 ANOS NA CASA

MOTRICIDADE FINA:

XOGOS PSICOMOTRICIDADE FINA PARA NENOS NA CASA

MASAS CASEIRAS PARA MODELAR

PLANTILLAS PARA IMPRIMIR E XOGAR CON PLASTILINA-PASTA PARA MODELAR

MANUALIDADES PARA NENOS

MOTRICIDADE FINA PARA NENOS EUGENIA ROMERO

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Semanalmente envíase por whatsapp as propostas de tarefas para realizar, ademais se chama os pais para comenetar os avances, dificultades, e envían foto dalgún traballo realizado.

Publicidade

Publicación na páxina web do centro